



**COLEXIO SAN NARCISO**

**PP. PAÚLES**

**Aptdo. 19 - Teléf. 986 881 408**

**cprsannarciso@edu.xunta.es**

**36900 MARIN (Pontevedra)**



# **PLAN DE ORIENTACIÓN CURSO 2008-2009**

**ANEXO I : PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

**ANEXO II : PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E  
PROFESIONAL**

**ANEXO III: PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

## INDICE

	<b>Pax.</b>
<b>1 PRESENTACIÓN.....</b>	<b>3</b>
<b>2 DESTINATARIOS. CONTEXTO SOCIOCULTURAL.....</b>	<b>3</b>
<b>3 CAMPOS DE ACTUACIÓN.....</b>	<b>5</b>
<b>4 PRINCIPIOS.....</b>	<b>6</b>
<b>5 OBXECTIVOS.....</b>	<b>6</b>
<b>6 ÁMBITOS E MEDIDAS DE ACTUACIÓN.....</b>	<b>8</b>
<b>6.1 ACCIÓN ORIENTADORA DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....</b>	<b>8</b>
<b>6.2 ACCIÓN TITORIAL.....</b>	<b>11</b>
<b>6.3 ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.....</b>	<b>12</b>
<b>6.4 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</b>	<b>14</b>
<b>7 AVALIACIÓN.....</b>	<b>16</b>
<b>8 ANEXOS.....</b>	<b>17</b>

## 1. PRESENTACIÓN

O Plan de Orientación é o documento que integra as actuacións a desenvolver no Colexio, tanto no ámbito escolar e curricular, como as levadas a cabo dende a titoría, a orientación académica e profesional, a atención á diversidade e as accións de asesoramento, dirixidas aos distintos órganos de goberno e coordinación, á comunidade educativa e de coordinación con outros centros e institucións do entorno. Desenvolve as indicacións do Proxecto Educativo e concrétamolo para cada curso escolar nos plans que engloba o P.C.C e a Programación Xeral Anual.

Ten un carácter educativo, xa que se refire fundamentalmente ás necesidades de orientación do alumnado directamente relacionadas co seu proceso educativo, e aberto e flexible na súa elaboración e execución. Desta forma, o Equipo Docente e toda a Comunidade educativa do noso centro son os axentes e receptores naturais de orientación e o currículo constitúe a vía directa a través da cal han de lograrse as metas e os obxectivos orientadores.

### PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA INTEGRAL



Encadrámonos, entón, nun modelo ecolóxico, fundamentado na necesidade de contextualizar non só a acción orientadora, senón o traballo e as actuacións concretas de cada un dos profesionais implicados, coa mirada posta nas persoas que conviven, fórmanse e traballan no centro. Co devandito modelo de asesoramento, potenciamos un tipo de acción educativa na que interveñen distintos profesionais do mesmo status e grao de responsabilidade, desenvolvendo un traballo en equipo caracterizado pola colaboración, coordinación, intercambio e suma de coñecementos expertos, a fin de levar a cabo as actuacións integrais e integradas no contexto institucionalizado propio.


## 2. DESTINATARIOS. CONTEXTO SOCIOCULTURAL

Ao conxunto do alumnado, considerando as súas características e necesidades propias nos planos escolar, persoal, académico e profesional van destinadas o núcleo das accións deste plan. Pero

tamén levan inxeridas un proceso de apoio referido ao profesorado e ás familias, á vez que teñen en conta o contexto externo en relación co desenvolvemento da acción educativa e a integración social do alumno.

En definitiva, este plan destínase a todos os integrantes da comunidade educativa, xa que todos están implicados, dunha ou outra forma, no proceso de orientación. Son receptores directos os profesores, en tanto que teñen encomendadas determinadas funcións na orientación dos seus alumnos, destacando os titores e os especialistas do departamento de orientación, aos que compete unhas específicas funcións de orientación en razón do seu cargo. Non entanto, os destinatarios últimos e fundamentais son os alumnos en xeral, xa que todo alumno posúe necesidades de orientación ao longo da súa escolaridade.

### ***ORIENTACIÓN EDUCATIVA ECOLÓXICO-INTEGRAL***



Situámonos nun centro de titularidade privada, concertado, dependente da orde de San Vicente de Paúl. Posúe o ideario propio dos centros vicencianos e está ubicado no lugar de Chan do Monte, na parroquia de Mogor, na vila de Marín, península do Morrazo. Poboación maioritariamente orixinaria da zona. É significativa a procedente dunha inmigración recente e en alza e de, aínda que menos, poboación flotante.

As actividades económicas predominantes son as relacionadas co mar: pesca, actividade portuaria e construción naval. O sector da construción e do pequeno comercio está tendo, nos últimos anos, un crecemento significativo. O nivel de paro é promedio con relación ao rexistrado na provincia. A lingua máis usual de comunicación nas familias é o castelán. Non hai problemas de seguridade e marxinalidade diferenciadores.

A estrutura familiar é, nunha alta porcentaxe, a nuclear tradicional formada por catro-cinco persoas, sendo a nacionalidade dos pais, case na súa totalidade, española. Posúen maioritariamente estudos secundarios ou primarios. Claramente, a responsable habitual das relacións co centro é a nai. Constatáanse boas relacións co Colexio en todos os ámbitos. A calidade xeral do Colexio é percibida moi positivamente. As normas de convivencia do centro son satisfactoriamente valoradas polos pais que as coñecen, pero son case a metade os que non teñen un coñecemento adecuado das mesmas. É ocasional e esporádica a súa participación na vida social do colexio, pero é notable o número disposto a colaborar no que se lles demande, se se establecen as dinámicas adecuadas; salientable os poucos que o fan actualmente a través da ANPA.

Si é importante, comparativamente con poucos anos atrás, o número de nais que traballan fóra da casa. A situación económica e social é estable (nos termos nos que a palabra "estable" significa hoxe en día) .Non se detectan situacións hostís por xenofobia ou por rechazo da diversidade cultural. O grao de dispersión dos domicilios dos alumnos con respecto ó centro é alto e a maioría utilizan o autobús ou coche familiar para chegar a el.

No ámbito do alumnado, habendo claros aspectos criticados e de mellora, no que atinxe ao funcionamento xeral do Colexio, hai unha boa percepción e o alumnado manifesta unha clara apreciación positiva do profesorado polo que se sinte ben tratado. A relación entre o alumnado tende á cordialidade.

Todos os factores anteriores (que veñen dados, en gran medida, a través do Proxecto Educativo, - o noso referente-) conflúen nas características específicas e persoais de cada un dos alumnos e alumnas cos que imos a traballar, a cotío, no proceso de ensino- aprendizaxe. Neste senso, a nosa actividade xustificarase baseándose en tres niveis de concreción:

- ***Características de tipo psicolóxico.***
  - Sabendo si todos os alumnos/as se axustan realmente ao perfil do nivel ou curso.
  - Determinando as variables persoais que o separan dese perfil.
- ***Características no ámbito das capacidades e posibilidades para a aprendizaxe.***

Referímonos ao alumnado que requerirá unha atención educativa máis singular. Destacamos tres tipos que necesitarán, cada un deles, unha adaptación curricular específica:

  - Alumnado con déficit visual, auditivo ou movilidad, sen serios problemas intelectuais ou emocionais.
  - Alumnado con dificultades significativas de aprendizaxe. Para os que temos, na medida dos nosos recursos, adicamos unha atención e tempo específico para o tratamento das súas principais e máis básicas lagoas e dificultades.
  - Alumnado con dificultades emocionais e conductuais. Están aumentando claramente os nenos/as que precisan ese equilibrio básico entre afectividade-confianza e, especialmente, a esixencia-responsabilidade necesaria en toda acción educativa. Son nenos/as que xa teñen experimentado o fracaso escolar e a frustración, e que nos demandan un maior cultivo do seu desenvolvemento cognitivo e emocional-social.
- ***Características de tipo socio-cultural.***
  - Tamén é significativo o incremento do alumnado que, como consecuencia deste tipo de variables, ten un rendimento insatisfactorio. Fundamentalmente trátase de relacións familiares incompletas: falta de comunicación, incremento de separacións, co que implica para os nenos nunha sociedade pouco afeita a esas circunstancias, permisividade

### **3. CAMPOS DE ACTUACIÓN**

- Orientación organizativa: proceso de axuda na elaboración e desenvolvemento do Proxecto Institucional do centro, en particular do PCC.

- Orientación académica ou escolar: proceso de axuda ao suxeito para mellorar o seu rendemento académico e adaptación ao centro.
- Orientación profesional para a carreira: proceso de axuda ao suxeito para elixir e prepararse cara a unha profesión elixida.
- Orientación persoal: proceso de axuda ao suxeito para coñecerse a si mesmo, para resolver en por si os seus problemas.
- Orientación familiar: proceso de axuda á familia na educación dos seus fillos.

#### 4. PRINCIPIOS

As referenzas básicas que sustentan o plan e que facilitan o coñecemento contextualizado da comunidade educativa, a fixación dos obxectivos e accións a desenvolver son:

- *Corresponsabilidade.* Toda a comunidade educativa do Colexio responsabilízase da orientación educativa sen prexuízo de que as funcións e implicacións son diferentes para os distintos integrantes segundo a súa especialización profesional.
- *Globalidade e xeneralización.* A nosa acción educativa suporá a impartición de contidos, pero inxeridos nun proceso global que propicie o desenvolvemento integral de todos os alumnos como persoas.
- *Personalización.* A labor orientadora do Centro será factor que contribúa decisivamente á personalización do proceso educativo. Favorecerá unha atención específica que considere as necesidades educativas propias do alumnado, en función das súas diferenzas en capacidades, motivacións, intereses e circunstancias particulares.
- *Continuidade e sistematicidade.* Durante toda a escolarización do alumno, desenvolveremos unha acción orientadora sistemática, planificada e avaliada en función dos obxectivos fixados, poñendo énfase en momentos determinados, como as transicións de etapa e toma de decisións relevantes.
- *Adecuación e funcionalidade.* As intervencións han de perseguir o mellor axuste ás características do noso centro, aplicando criterios de flexibilidade e adaptabilidade, desenvolvéndose segundo distintos niveis de concreción, que subordinan a organización ás funcións de orientación precisas, de acordo coas nosas singularidades.
- *Prevenición.* As accións orientadoras irán máis alá da á intervención e compensación das dificultades xa existentes; contemplarán a súa prevención para diminuír o risco de aparición nun futuro.

#### 5. OBXECTIVOS

Para lograr unha orientación de calidade para todo o alumnado que estuda no noso centro:

1. Asumir como tarefa propia dos docentes a orientación dos seus alumnos.
  - É básico que os profesores desenvolvan actitudes favorables cara a esta tarefa, pois, aínda que normativamente estea prescrita como propia da función docente, se non se asumen, dificilmente pode desenvolverse un plan de orientación no centro.
  - O feito de que existan no colexio recursos especializados para a orientación e a intervención psicopedagóxica non deberá darse o abandono destes labores por parte dos titores e do profesorado en xeral.
2. Propiciar o coñecemento das características propias do alumno para que reciba unha atención personalizada en función das súas necesidades educativas, asumindo que cada alumno é único.
  - O profesor titor e o profesorado en xeral pecisan desenvolver actitudes positivas e sensibilidade cara á diversidade do alumnado como elemento da realidade humana.

- Concreta o principio de personalización e de educación integral. Se é importante o coñecemento de cada alumno para aqueles que non presentan especiais dificultades, non o é menos para os alumnos que presentan necesidades educativas.
3. Realizar un seguimento personalizado do alumnado cun enfoque preventivo que evite, no posible, a aparición de disfuncións e desaxustes e facilite a pronta detección dos que presente características educativas diferenciais.
    - Partir do suposto de que o éxito prodúcese cando hai consonancia entre as capacidades do alumno e o rendemento alcanzado; pero o seguimento non só implica os aspectos máis académicos e intelectuais. Debe ter en conta, e potenciar, todas as dimensións da persoa.
  4. Adecuar as programacións, o ensino e a avaliación á diversidade do alumnado.
    - A orientación persegue unha resposta educativa en consonancia coa realidade do alumnado.
    - Para iso, as programacións terán en conta este principio: as metodoloxías deben propiciar a aprendizaxe persoal e a avaliación debe ser sensible ás formas peculiares de levar a cabo a aprendizaxe.
  5. Favorecer a coordinación do profesorado que imparten ensino a un mesmo grupo de alumnos ou a un alumno en particular, co fin de unificar criterios e pautas de acción.
    - A orientación, tarefa compartida por todo o equipo docente. Corresponde ao profesor titor realizar un seguimento máis individualizado e coordinar ao profesorado que intervén no seu grupo de alumnos.
    - Ademais dos obxectivos específicos que cada profesor teña para a súa área, todos eles teñen uns obxectivos en común que son propios da etapa e se refiren ás competencias básicas, á madurez e á formación xeral do alumnado.
    - Especial importancia terá a coordinación entre titor e o profesor de apoio no caso de alumnos con necesidades de reforzo/apoio educativo. Esta coordinación está na base do éxito do ensino con este alumnado. Ambos saberán que se traballa en cada momento, revisar os seus progresos e marcar novos obxectivos en consonancia cos mesmos.
  6. Atender aos alumnos que presenten necesidades educativas específicas buscando a optimización dos recursos e a máxima integración do alumnado.
    - Campo prioritario do colexio: as necesidades educativas do alumnado.
    - Levar á práctica optimizando os recursos dispoñibles no colexio buscando a implicación global do centro para dar respostas coherentes e asumidas pola comunidade educativa.
  7. Favorecer o paso dos alumnos dun ciclo a outro e dunha etapa educativa á seguinte.
    - Momentos nos que se potenciará a orientación do alumnado.
    - O cambio de profesores, de programación, que progresivamente faise máis esixente, nalgúns casos o cambio de compañeiros, determina unha acción orientadora intensiva.
    - Require atención especial a decisión sobre a promoción ou non do alumnado.
  8. Favorecer os procesos de madurez para a toma de decisións educativas e vocacionais.
    - Desenvolvemento ao máximo a personalidade do alumno, favorecendo a autoorientación, a autocomprensión e a aceptación de si mesmo.
  9. Propiciar un clima de clase adecuado para a convivencia e o traballo escolar buscando a aceptación e participación de todo o alumnado.

- Prioritario na nosa labor de orientación: conseguir que o grupo humano de alumnos funcione de forma cohesionada conseguindo unha motivación de grupo adecuada.
  - Un bo clima de clase repercute directamente no progreso do grupo e de cada alumno: favorece a autoestima, a responsabilidade, as actitudes favorables cara ao traballo escolar, xera hábitos de traballo e estudo, autonomía, colaboración solidaria e afán de superación.
10. Mediar en situacións de conflito entre o alumnado, ou co profesorado ou a familia, buscando sempre unha saída satisfactoria ao mesmo.
- Buscarase unha solución educativa evitando no posible actitudes autoritarias.
11. Implicar ás familias na educación dos alumnos para unificar criterios e pautas educativas que redunden nunha maior coherencia entre escola-familia.
- Ir máis aló do simple intercambio de información. Supón xerar un contexto de colaboración no que os valores, as actitudes e as actuacións conflúan de forma coherente.
  - Coordinar recursos, internos e externos ao centro, para atender ás necesidades do alumnado buscando a complementariedade de perspectivas dos distintos profesionais que interveñan.
12. Planificar os adecuados medios e recursos específicos en función das necesidades de orientación detectadas.
- Fundamental: o seguimento dos plans relacionados coa orientación, a súa avaliación e consecuente toma de decisións en función dos datos aportados nese proceso.
  - Propostas de formación e participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa.
13. Propiciar dende a orientación a construción das competencias básicas.
- A adquisición destas competencias só se consegue traballando dunha forma interdisciplinar e globalizada.
  - Especialmente dende a titoría traballarase de forma máis específica as competencias: Aprender a aprender, Autonomía e iniciativa persoal e a competencia Social e cidadá.

## **6. ÁMBITOS E MEDIDAS DE ACTUACIÓN**

Para a consecución dos anteriores obxectivos, prevemos un conxunto de medidas educativas, que se centrarán nos distintos niveis da orientación así como nos seus principais ámbitos de actuación. Organizámolas nos seguintes eixos fundamentais de actuación:

- A acción orientadora da comunidade educativa. Coordinación
- A acción titorial.
- Orientación académica e profesional.
- Atención á diversidade. Orientación respecto ao proceso de ensino-aprendizaxe.

### **6.1. ACCIÓN ORIENTADORA DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

A responsabilidade de planificar e organizar as actividades de orientación educativa corresponde, en función da autonomía do centro e sen prexuízo da necesaria colaboración con institucións e instancias externas, aos órganos de goberno e xestión do centro:

É competencia do equipo directivo adoptar as medidas necesarias para a execución coordinada das decisións dos órganos colexiados e, concretamente, xerar as condicións para que as actividades de titoría e orientación sexan asumidas e desenvolvidas polas estruturas de coordinación docente, tal como están fixadas no RRI do centro. No devandito regulamento, no que respecta á orientación, fíxanse as seguintes responsabilidades e accións:

### **Equipo directivo:**

- Director Académico convoca e preside os actos académicos e as reunións dos órganos colexiados e da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Tamén designa a parte dos membros do Equipo Directivo, aos coordinadores dos órganos de coordinación docente e xefes de departamento.
- Os Xefes de Estudos responsabilizárase directamente da coordinación das accións de orientación do Centro no ámbito das etapas da súa competencia, pero existirá un compromiso conxunto do Equipo Directivo para integrar as distintas funcións de carácter orientador dentro da organización xeral do centro.
- O Secretario, conxuntamente co administrador, elabora o anteproxecto de orzamento, entre os que deben incluírse os gastos necesarios para facer fronte á infraestrutura e actividades de orientación.

### **Claustro de profesores:**

- Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos.
- Proponer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.

### **Observatorio da Convivencia Escolar:**

- Liñas de integración da convivencia no PAT
- Propostas de mediación e tratamento de conflitos.
- Actuacións diante das alteracións da convivencia. Protocolos.

### **Órganos de coordinación docente:**

#### **a) Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P)**

- Establece criterios para a elaboración dos plans de:
  - Atención á diversidade
  - Acción Tutorial
  - Orientación Académica e Profesional
- Elabora criterios para a realización das adaptacións curriculares.

#### **b) Departamentos didácticos**

En colaboración co Departamento de Orientación.

- Prevén e detectan problemas de aprendizaxe.
- Elaboran e aplican os programas de reforzo e plans individualizados para os alumnos que promocionan con materias suspensas, que repiten curso e casos similares.
- Elaboran e aplican adaptacións curriculares
- Realizan as programacións de ámbito dos programas de diversificación no caso que se implanten no centro.

#### **c) Departamento de Orientación**

Seleccionamos as seguintes funcións:

- Elaboración do Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP), do Plan de Acción Tutorial (PAT) e do Plan de Atención á Diversidade (PAD) do centro.
- Formular as propostas do POAP, do P.A.T e do PAD no claustro e na C.C.P
- Colaborar co xefe de estudos na organización, coordinación e desenvolvemento do P.O.A.P, do P.A.T e do PAD
- Planifica e realiza a orientación de estudos, especialmente ante os cambios de ciclo, de etapa ou de centro e para a elección das distintas opcións académicas, formativas e profesionais.
- Participa na elaboración de informes de orientación sobre o futuro académico e profesional do alumno

- Asesora ás familias e colabora no desenvolvemento de programas formativos dirixidos a pais e nais de alumnos

En relación coa atención ás necesidades educativas:

- Avaliación psicopedagóxica nos casos en que sexa prescriptiva.
- Seleccionar medios e recursos que fomenten e faciliten as estratexias metodolóxicas no proceso de ensino aprendizaxe
- Diseñar desenvolver e avaliar a resposta educativa aos A.con.N.E.A.E.
  - Criterios e procedementos para a realización de A.C.
  - Detección de necesidades educativas
  - Seguimento do Alumnado con NEEAE
- Colaborar na prevención e detección de problemas de aprendizaxe e na programación de A.C.
- Colaborar nas decisións sobre avaliación e promoción.
- Asesoramento ás familias cando se precise ou demande.
- Colaborar con outros servizos educativos, sanitarios e sociais para intervir sobre as necesidades educativas do alumnado

#### **d) O equipo docente de grupo. Xunta de avaliación**

- Leva a cabo a avaliación e o seguimento global dos alumnos do grupo e adopta as medidas necesarias para mellorar a súa aprendizaxe.
- Prevé as actuacións necesarias para mellorar o clima de convivencia do grupo.
- Afronta coordinadamente os conflitos que xorden no seo do grupo e adopta as medidas adecuadas para resolvelos.
- Coordina as actividades de ensino e aprendizaxe que se propón ao alumnado do grupo.
- Coñece e participa na elaboración da información que se proporciona ás familias de cada un dos alumnos do grupo.

#### **Organos unipersoais de coordinación docente**

Con independencia do xa reiterado de que a orientación e titoría forma parte integrante e esencial da función docente, as dúas figuras especializadas cuxa misión esencial é o desenvolvemento da dimensión orientadora son o titor e o orientador.

##### **a) O titor**

Cada grupo de alumnos terá un profesor-titor. encargado de desenvolver as funcións propias da orientación e titoría, entre as que destacan:

- Participa no desenvolvemento do plan de acción titorial, no de orientación educativa e na atención á diversidade.
- Orienta e asesora ao alumnado sobre as súas posibilidades educativas e profesionais e sobre a elección de materias optativas.
- Coñece os intereses e facilita a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da vida escolar, e fomenta neles o desenvolvemento de actitudes participativas.
- Coordina o proceso de avaliación dos alumnos e organiza e preside as correspondentes sesións de avaliación do seu grupo.
- Coordina o labor educativo do equipo docente do grupo e vea por manter a coherencia da programación e da práctica docente co Proxecto Curricular e a Programación Xeral Anual, a través das reunións que leve a cabo o equipo.
- Colabora co Departamento de Orientación e participa nas reunións periódicas que convoque ao efecto o Xefe de Estudos, asistido polo orientador.
- Mantén reunións periódicas cos alumnos, ben sexa individual ou colectivamente.
- Cumprimenta a documentación académica individual dos alumnos ao seu cargo.

- Canaliza os problemas e inquietudes do alumnado e media ante o resto do profesorado e o Equipo Directivo nos problemas que se expoñan.
- Facilita a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos.
- Informa aos pais e nais, profesorado e alumnado do grupo de todo aquilo que lles concierna con relación ás actividades docentes e ao rendemento académico, e comunicar ás familias as faltas de asistencia do alumnado, mantendo con elas as reunións que sexan precisas.

#### **b) O orientador**

O orientador asume como propias as funcións que con carácter xeral son atribuídas á orientación educativa:

- Informa e asesora ao alumnado e familia acerca de aspectos académicos e profesionais.
- Participa na avaliación do alumnado e, en particular, realiza a avaliación psicopedagóxica daqueles alumnos que a precisen.
- Deseña plans de prevención colaborando con outras instancias.
- Atende aos alumnos con problemas de aprendizaxe ou inserción social mediante o deseño e aplicación de adaptacións curriculares ou a través de intervencións específicas
- Participa na elaboración do Proxecto Educativo, Proxecto Curricular e na planificación e seguimento dos plans e programas que os desenvolven.
- Contribúe á adecuada interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa, profesores, alumnos e pais, así como entre a comunidade educativa e a contorna social.

Ademais destas funcións que se atribúen con carácter xeral á orientación educativa, o orientador ten atribuídas outras funcións específicas:

- Asesora en aspectos psicopedagóxicos aos distintos compoñentes da comunidade educativa.
- Coordina o proceso de avaliación psicopedagóxica e redacta e asina o informe técnico correspondente.
- Colabora cos servizos sociais e sanitarios da contorna para intervir sobre as necesidades educativas que presente o alumnado na esfera dos mencionados servizos.
- Participa na planificación e o seguimento das adaptacións curriculares dirixidas aos alumnos que as precisen.
- Asesorar á Comisión de Coordinación Pedagóxica proporcionando criterios psicopedagóxicos e de atención á diversidade na elaboración e revisión dos proxectos curriculares.
- Colabora na elaboración e aplicación dos plans de Acción Tutorial, de Orientación Académica e Profesional e de Atención á Diversidade, asumindo as tarefas que nos devanditos plans se lle encomendan.

Así mesmo, en calidade de xefe do Departamento de Orientación, asumirá as funcións que leva o desempeño do devandito cargo especificadas no RRI.

## **6.2. ACCIÓN TUTORIAL**

### **6.2.1. Potenciación da acción tutorial.**

A acción tutorial é un dos niveis de aplicación da orientación no noso centro e constitúe un dos principais factores que posibilitan a orientación do alumnado en xeral e a calidade educativa do centro por medio de:

a) Establecemento dunha planificación marco de acción tutorial. Desenvolverase unha planificación marco de acción tutorial para cada un dos niveis e etapas educativas, que posibilite:

- Unha coherencia cos proxectos do centro.
- Unha planificación que se apoie en criterios psicolóxicos e pedagóxicos de carácter evolutivo.
- A consideración das expectativas da comunidade educativa.
- A adecuación ás características do contexto.
- Unha resposta ás características e necesidades dos alumnos.
- A continuidade e coordinación entre os distintos cursos.
- desenvolvemento coherente do Plan de Acción Tutorial do Centro.
- A actuación sistemática en procesos de intervención.

b) Establecemento de prioridades para o desenvolvemento do Plan de Acción Tutorial do Centro. É importante que o Centro decida aqueles aspectos da orientación que considera prioritarios, en función da idiosincrasia e das circunstancias cambiantes. Ademais, os compromisos concretos priorizados deberán reflectirse nos documentos de planificación do centro.

c) Intensificación das actuacións que axuden na toma de decisións. O alumno debe «aprender a decidir». A capacitación do alumno neste aspecto é fundamental ao longo da vida e ten particular relevancia para unha adecuada elección sobre o futuro educativo, formativo e profesional.

d) Potenciación dos procesos de procura de información. Desde o ámbito titorial débese contribuír a que o alumno consolide progresivamente a súa capacidade para «aprender a informarse» e que o estenda á procura de información sobre distintas opcións educativas, profesionais e laborais.

e) Aplicando a igualdade de oportunidades nas súas máis variados aspectos. Consideraranse neste sentido, as posibles situacións de discriminación en razón do sexo, de características persoais de discapacidade ou graves trastornos, de circunstancias de diversidade cultural ou de calquera outro tipo e circunstancia.

f) Establecendo actuacións de prevención e control. Resulta necesario incluír na planificación titorial actuacións de carácter preventivo xunto a aquelas outras que supoñen dar resposta ás necesidades e problemas unha vez aparecidos.

g) Traballando especificamente as xa citadas competencias básicas de: Aprender a aprender, Autonomía e iniciativa persoal e a competencia Social e cidadá que permita unha convivencia positiva e enriquecedora en contextos multiculturais. A titoría, ademais de traballar o desenvolvemento destas competencias de forma máis intencionada ten a función de coordinar, dinamizar e crear sinerxías naquelas competencias educativas que son comúns en todas as áreas, colaborando con todos os implicados na comunidade educativa.

### **6.2.2. A orientación a través da titoría**

#### **Finalidade**

A titoría, como parte da función docente, é responsabilidade de todo o profesorado de todas as etapas e niveis educativos e ten como finalidade contribuír á personalización e individualización dos procesos de ensino e aprendizaxe e as tarefas de mediación entre alumnado, profesorado e familia.

#### **Funcións**

Son funcións da titoría:

- a) Desenvolver co alumnado programas relativos á mediación e mellora da convivencia, aos hábitos e estratexias de estudo, á toma de decisións e ao pensamento creativo e emprendedor.
- b) Facilitar o intercambio e a coherencia do proceso educativo coas familias de cada un dos alumnos e das alumnas e establecer unha vía de participación activa da comunidade educativa na vida do centro.

- c) Coordinar ao profesorado que intervén nun mesmo grupo de alumnos e alumnas para garantir a coherencia do proceso de ensino e aprendizaxe.
- d) Colaborar co resto de niveis da orientación para favorecer un desenvolvemento gradual e coordinado a través do asesoramento e o intercambio.
- e) Desenvolver actuacións que favorezan o coñecemento das empresas e o mundo do traballo.

### **Estrutura e organización.**

A responsabilidade do profesorado con respecto á titoría e os contidos da mesma concretámolas en cada etapa e nivel a través do currículo e da organización do centro en función das particularidades do alumnado, garantindo que cada alumno ten, polo menos, un titor ou titora.

**Neste marco de traballo, elaboramos anualmente o preceptivo Plan de Acción Titorial (PAT). Está desenvolvido no ANEXO I ao Plan de Orientación.**

## **6.3. ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL**

Nesta área, a nosa responsabilidade orientadora consiste en facilitar na medida do posible os medios e axuda educativa necesaria para que o alumnado afronte axeitadamente a tarefa de coñecer e elixir os mellores camiños para a súa realización persoal tomando decisións responsables ao longo das distintas etapas educativas con respecto ao seu futuro académico e profesional. Deixamos claro entón que a nosa finalidade non é a de dirixir aos alumnos cara uns camiños ou outros; é conseguir unha orientación marcadamente educativa, como un proceso de desenvolvemento das capacidades necesarias para que poida ser o propio alumno o que tome as súas decisións libres e responsables tanto no momento actual como ao longo da súa vida.

### *Na nosa actuación ao respecto seguimos estes principios básicos:*

- A orientación académica e profesional debe considerarse como un proceso ao longo das etapas da súa estancia no centro e diferenciador, que atenda ás características de cada alumno, pero tendo presente que hai momentos de especial importancia.
- A orientación debe conducir ao alumno a unha secuencia de opcións ou eleccións mediante as cales el decidirá un proxecto persoal, formativo ou profesional, que debe ir perfilándose ao longo de todo o proceso educativo.
- A toma de decisión debe entenderse como un proceso continuo que permitirá ao alumno realizar eleccións de menor a maior transcendencia conforme vaia obtendo a información de si mesmo e das alternativas educativas e profesionais que se lle ofrecen.
- O proceso de toma de decisión ha de ser levado a cabo polo propio alumno, axudado, nunca suplantado, por pais, profesores, titor, orientador, e debe potenciar a súa autonomía e crecemento persoal.

### *Pretendemos lograr estes obxectivos xerais:*

- Desenvolver no alumno competencias persoais que propicien a súa autoorientación. Desde a perspectiva dunha sociedade cambiante e da aprendizaxe ao longo da vida, a orientación no período escolar forma parte do proceso de orientación en todo o ciclo vital do individuo e debemos reforzar no alumno os recursos necesarios para favorecer a súa orientación presente e futura, dentro dun plan persoal de vida.
- Personalizar o proceso de orientación, propiciando o autoconocimiento do propio alumno e considerando as súas capacidades e intereses, con obxecto de favorecer unha adecuada elección académica e profesional.
- Facilitar información sobre opcións e itinerarios formativos, con vistas á toma de decisións sobre o seu futuro académico e profesional, asegurando que o alumno coñeza as posibilidades de optatividade e opcionalidade que ofrece o Sistema Educativo, concretando áreas e materias optativas, modalidades de Bacharelato, ensinos de Formación Profesional e universitarias.

- Proporcionar información ao alumnado sobre os distintos aspectos da Formación Profesional, dentro do marco da Lei das Cualificacións e da Formación Profesional.
- Axudar aos alumnos e alumnas para que, no seu proceso de elección, non se vexan influídos pola predeterminación de xénero dalgúns estudos e profesións.
- Intensificar os procesos de procura de información polo propio alumno, con obxecto de que aprenda a informarse en por si nas opcións académicas e profesionais, de acordo con criterios de actualidade e garantía da información.
- Implementar medidas que permitan obter información actualizada de instancias autonómicas e estatais vinculadas á información e orientación profesional.
- Participación en proxectos de orientación profesional de alcance europeo.

***Desenvolveremos a orientación académica e profesional nestes ámbitos:***

- Na titoría de grupo.
- Na tutoría personalizada: seguimento individual do alumnado.
- No contacto e diálogo coas familias.
- Nas actividades de ensino aprendizaxe. Nos obxectivos e contidos, na metodoloxía e na optatividade.
- Nas actividades xerais de colexio.
- Na opción polos distintos itinerarios formativos.

**Neste marco de traballo, elaboramos anualmente o preceptivo Plan de Orientación Académico e Profesional (POAP). Está desenvolvido no ANEXO II ao Plan de Orientación.**

#### **6.4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A orientación ten un campo específico na atención á diversidade do alumnado. As necesidades educativas distribúense nun continuo, todos os alumnos nalgún momento do proceso de ensino aprendizaxe presentan necesidades educativas. Dentro das prioridades da orientación educativa, a atención ás necesidades educativas do alumnado ocupa un lugar preferente. É necesario ter en conta todas as circunstancias que concorren en cada un dos nosos alumnos para axudarlle a satisfacer as necesidades educativas que presenta. Tal atención educativa esixe unha formulación de centro que de cumprida resposta ás mesmas establecendo as oportunas medidas educativas.

O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais ...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convirtn en desigualdades e desventaxas entre o alumnado.

Ese obxectivo só é alcanzable se a aula ordinaria se converte nun referente básico e o titor no eixe principal da resposta educativa á diversidade e, singularmente, aos alumnos con necesidades especiais. A responsabilidade non debe desplazarse do titor aos distintos profesionais, polo contrario, éstos deben colaborar con aquél, dacordo coa proposta curricular, nun auténtico traballo interdisciplinar e de equipo. Os recursos precisos para esta acción educativa deben asegurarse no posible, a atención singular aos alumnos que precisen deles. O reto permanente consiste en ser quen de ofrecer a cada alumno a axuda pedagóxica que precise, axustando a intervención educativa a súa individualidade como persoa.

Dende este enfoque contéplanse tanto as necesidades máis transitorias, que con frecuencia poderán ser satisfeitas a traveso dunha axuda temporal, coma outras de carácter máis permanente que demandarán adaptacións máis significativas na proposta curricular e a necesidade de medios máis específicos. Entre unhas e outras existen todo un abanico de posibilidades intermedias, que requirirán, igualmente unha atención individualizadora das necesidades.

***As nosas actuacións seguirán estes principios básicos:***

- Colaboración do orientador cos profesores e titores na elaboración e adecuación da proposta curricular cando esta incida de forma significativa no proceso de aprendizaxe de determinados alumnos con necesidades educativas específicas.

- Avaliación selectiva das necesidades do alumno, consistente nunha avaliación psicopedagóxica, curricular ou socioeducativa a partir de indicios observados polos profesores e, se se considera procedente, aqueles observados por outras persoas que convivan co alumno. levará a cabo unha avaliación psicopedagóxica, é dicir, abarcando as distintas facetas do alumno con implicacións educativas, cando existan indicios de que o alumno pode presentar necesidades educativas especiais ou necesidades educativas asociadas a altas capacidades. Estas necesidades poderán requirir unha adaptación curricular significativa, sobre todo as necesidades educativas especiais. En cambio aplicarase unha avaliación curricular, é dicir unicamente dos aspectos máis directamente vinculados ao currículo cando os indicios apunten a que o alumno podería presentar necesidades de compensación educativa. Este tipo de avaliación será levado a cabo polo profesor titor coa participación do equipo docente e contará tamén coa participación do orientador. Ademais, en ocasións farase necesario unha análise específica dos aspectos contextuais do alumno de interese educativo a través dunha avaliación socioeducativa.
- Elaboración de informes en función de obxectivos específicos. Cando un alumno sexa obxecto dunha avaliación, os resultados deste proceso conducirán á emisión dun informe que achegue a explicación final que se deriva do proceso de análise desenvolvida co alumno e que debe conducir a uns resultados que proporcionan unha resposta á hipótese inicial sobre posibles necesidades educativas expresada pola instancia que o demandou xunto con outros posibles aspectos de interese educativo que puidesen haberse posto de manifesto no proceso así como aos obxectivos e medidas que se desenvolverán en función dos resultados. Ademais, a presentación do informe deberá adaptarse ás características propias do destinatario. En función da temática abordada, distínguense tres tipos fundamentais de informes: informes psicopedagóxicos, informes curriculares e informes socioeducativos.
- Realización de medidas de intervención co alumnado. Facilitarase o desenvolvemento de medidas previstas polo orientador ou por outros profesores, que teñan por obxecto facer fronte a problemas ou prever situacións de risco de non conseguir os obxectivos do ciclo ou curso ou as capacidades do nivel ou etapa educativa.
- Aplicación de plans de actuación co alumnado con necesidades educativas especiais. Cando a avaliación psicopedagóxica poña de manifesto a existencia de necesidades educativas especiais, elaborárase e aplicará un plan de actuación individualizado para cada alumno que estableza a resposta adaptada ao nivel e características das necesidades detectadas. Na elaboración deste plan están implicados os profesores responsables da súa aplicación e poderán contar coa colaboración e o asesoramento do orientador.
- Adecuación entre a avaliación psicopedagóxica e o plan de actuación. Debe existir unha adecuación recíproca entre ambos procesos, xa que a avaliación psicopedagóxica debe ter presente a previsible necesidade dunha intervención futura adaptada ás posibles necesidades educativas dun alumno, á vez que o plan de actuación debe fundamentarse nos resultados da avaliación e planificar os pasos a seguir polos responsables da aplicación da intervención.
- Establecemento dun procedemento de intervención, con delimitación de fases e de responsabilidades. De forma xeral, seguiranse os seguintes pasos:
  - Un primeiro despistaxe polo profesorado, co oportuno asesoramento e en función da súa capacitación sobre o proceso de detección inicial.
  - Identificación selectiva polo orientador, habitualmente a partir do primeiro despistaxe.
  - Deseño conxunto do programa ou plan, por profesores, especialista de AL/PT e orientador.
  - Aplicación directa do programa ou plan polo profesorado e especialistas de atención á diversidade e intervención indirecta do orientador.
  - No seu caso, colaboración do especialista do EOE e dos Servizos da Seguridade Social ou calquera servizo externo que participe no caso.

- Desenvolvemento dun sistema de seguimento periódico dos casos avaliados. Entre as tarefas implicadas neste seguimento, considérase fundamental solicitar ao longo do curso a información necesaria que permita garantir que as medidas pedagóxicas aplicadas, como resultado da avaliación realizada no seu día, seguen sendo as máis adecuadas para as características e necesidades actuais e previsibles do alumno.
- Participación activa do orientador na Comisión de Coordinación Pedagóxica. As características profesionais do orientador fan que sexa un integrante de especial importancia na CCP. En consecuencia, favorecerase a súa participación nesta comisión así como noutras posibles comisións ou instancias do centro vinculadas a algún tipo de asesoramento pedagóxico.

### ***Obxectivos:***

Para acadar as dúas finalidades esenciais do ensino obrigatorio de dar unha formación básica común (comprensividade) e dispoñer as condicións posibilitadoras dunha ensinanza personalizada (diversidade) -, a través do que se debe garantir unha formación común básica para todos e máxima para cada un – marcamos os seguintes obxectivos:

- Crear as condicións actitudinais, organizativas e metodolóxicas que permitan dar aos alumnos unha resposta educativa axeitada á súa individualidade que lles evite o fracaso escolar e os problemas de integración e inadaptación escolar e social.
- Optimizar a cualificación académica de todos os alumnos do centro. A meta neste sentido é o de que o centro deberá estar en condicións de ofrecer a calquera alumno que o requira, en calquera faceta da súa formación, a adquisición dun nivel de competencias e destrezas como mínimo igual ao que lle pode ofrecer calquera outro determinado do entorno onde se cursen os mesmos estudos.
- Clarificar as responsabilidades de cada un dos profesionais do equipo educativo nun contexto de franca cooperación.
- Fixar vieiros de corresponsabilidade e implicación entre todo o equipo docente na tarefa de facer accesible o currículo común aos diferentes alumnos.
- Diseñar propostas educativas diversificadas, nun continuo de menor a maior grao de significatividade, de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades do alumno xurdidas das súas características persoais e da interacción co entorno. Será imprescindible unha revisión permanente das programacións didácticas con vistas mellorar en todo momento a adecuación entre os obxectivos prescritos pola lexislación e os contidos desenvolvidos no aula, así como das metodoloxías máis indicadas para conectar cos diferentes estilos de aprendizaxe dos nosos alumnos e as súas diferentes situacións de partida.
- Promover a personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe e orientación -elementos centrais de todo programa de atención educativa á diversidade-, así como tamén, unha actuación personalizada nos aspectos da motivación cara á tarefa académica e, eventualmente, - e sempre dentro dos procedementos previstos no noso R.R.I, que contempla a posibilidade de revisar e personalizar calquera sanción - a sanción e corrección de condutas.
- Organizar e coordinar os recursos persoais e materiais do centro cara á mellor eficacia das accións deseñadas promovendo procesos permanentes de autoevaluación nos niveis de profesorado, departamento, C.C.P., claustro e equipo directivo.
- Favorecer a participación dos pais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos.
- Promover a colaboración e coordinación con profesionais e institucións externas ao centro.

**Neste marco de traballo, elaboramos anualmente o preceptivo Plan de Atención á Diversidade (PAD). Está desenvolvido no ANEXO III ao Plan de Orientación**

## 7. AVALIACIÓN

Estará integrada no plan de autoavaliación do centro.

As actividades de avaliación de cada un dos ámbitos están encamiñadas a:

- Valorar o grao de consecución dos obxectivos fixados.
- Obter información relevante sobre os produtos obtidos.
- Mellorar as intervencións nos ámbitos avaliados usando a retraalimentación informativa para correxir ou adaptar os plans de cara a unha mellor calidade.

A tal fin establécense unha serie de indicadores de avaliación relacionados cos distintos ámbitos de traballo. Utilizaremos os datos suministrados por:

- Persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento: departamento, titores, profesores.
- Destinatarios: profesores, alumnos, pais.

Os instrumentos básicos para a recollida de datos serán:

- Intercambios orais
- Escalas, cuestionarios e indicadores específicos para cada ámbito. Memorias.
- Entrevistas con implicados.

Como criterios de avaliación para determinar a calidade de cada un dos Plans consideraremos os seguintes aspectos:

- Adecuación do Plan ás necesidades reais do Centro
- Logros acadados co referente dos obxectivos previstos
- Adecuación da temporalización
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

## 8. ANEXOS

Cada un vai nun documento.

- **I. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)**
- **II. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL (POAP)**
- **III. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PAD)**

Marín, a 15 de outubro de 2008

O Xefe do Departamento de Orientación

Juan Carlos Piñeiro Rosales